

COMUNICADO CONXUNTO

UGT, CCOO Ensino, USO, SNEP e CIG reafirmamos a nosa unidade sindical no sector do ensino concertado galego e anunciamos que continuamos coa folla de ruta de mobilizacións acordada para presionar á Consellería e lograr a apertura dunha mesa de negociación.

As próximas mobilizacións terán lugar o vindeiro **26 de xuño en Vigo e A Coruña**, quedando pendentes de confirmación o lugar e a hora de celebración.

As organizacións sindicais que mantemos esta unidade representamos conxuntamente a maioría sindical do sector en Galicia e apostamos por seguir avanzando desde a unidade de acción, convencidas de que é a mellor ferramenta para defender os dereitos e mellorar as condicións laborais de todas as persoas traballadoras do Ensino Concertado.



CALENDARIO DE MOBILIZACIÓNS

1. ~~5 DE MAIO: CONCENTRACIÓN NA CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN~~
2. ~~28 DE MAIO: CARAVANAS EN VIGO E A CORUÑA~~
3. **26 DE XUÑO: CONCENTRACIÓNS NAS DELEGACIÓNS DA XUNTA EN VIGO E A CORUÑA (horario por concretar)**
4. **PRIMEIRO DÍA LECTIVO DO CURSO 26/27: FOLGA**